



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la necesidad de que el Ministerio de Cultura reclame la titularidad de la Casa Barroca de Combarro ante la nueva documentación existente.**

En la pasada legislatura el BNG presentó distintas iniciativas por la situación de la emblemática Casa Barroca de Combarro, en el municipio de Poio, al existir indicios que apuntaban a la titularidad de la Administración General del Estado del citado inmueble.

Se trata de una casa que forma parte del conjunto histórico de Combarro situada en la calle Rambla número 5, con referencia catastral: 4479116NG2947N0001KB, con uso «residencial», pero que fue objeto de una expropiación forzosa por razones de utilidad pública, entre los años 1972-1973, para su conversión en Museo de Artes y Tradiciones Populares, dedicado a las artes de la pesca y al modo de vida de la Galicia litoral.

En abril de 2021 el Ministerio respondía al BNG que «en los antecedentes disponibles no consta que el Ministerio de Cultura sea actualmente titular del citado inmueble» y añadía que realizaría «las gestiones oportunas para clarificar tanto la titularidad como la situación registral del edificio; mientras, deberían de ser los actuales titulares los que tendrán que realizar, si así fuera preciso, las actuaciones de tutela que el edificio requiera».

Recientemente tuvimos conocimiento de que el Ministerio de Cultura reabrirá la investigación sobre el expediente de este edificio a solicitud de la Asociación A Solaina tras la aportación de nueva documentación histórica por parte de dicha entidad que vendría a acreditar que el edificio fue adquirido por el Estado a principios de la década de 1970, no perdiendo posteriormente su condición de bien de titularidad estatal.

Esta documentación, que está en manos del Ministerio desde marzo pasado, incluye un exhaustivo estudio del catedrático de Historia e Instituciones Económicas de la Universidad de Vigo, Rafael Vallejo Pousada, que reconstruye la historia de esta joya arquitectónica desde finales de los años sesenta hasta la actualidad.



Figura el testimonio de los descendientes de la que fue la propietaria de la casa, Carmen Romero, quienes declaran que la casa fue vendida al entonces Ministerio de Educación para destinarla a fines culturales. En concreto, para que se convirtiese en un Museo sobre el mar y las tradiciones culturales. La familia certificó ante la Subdelegación del Gobierno en Pontevedra esta importante novedad.

Los descendientes indicaron que la vivienda fue vendida al Estado entre 1969 y 1970, una operación tutelada por la hija de la propietaria, en la que el Estado habría pagado 150.000 pesetas por la Casa Barroca de Combarro, cantidad distribuida entre los descendientes que vivían en Montevideo en aquel momento.

También se adjunta una tasación de la Casa por parte de un tasador que la valora en 150.000 pesetas y existe un informe de la intervención del Estado autorizando el pago de 150.000 pesetas por la expropiación del inmueble. Además existe un oficio de 1981 del Director General de Bellas Artes al Delegado de Cultura de Pontevedra señalando que en 1973 fue adquirido y pagado el citado edificio, reclamándose las actas de ocupación y pago.

Desde la Asociación A Solaina consideran que el pago pudo haber sido realizado a través de la Caja de Ahorros Provincial de Pontevedra, aspecto que podría ser investigado por el Ministerio. Además, alegan que el proyecto museístico debió generar una importante documentación. Una información que debería estar depositada en el Archivo del Ministerio de Cultura o en el Archivo General de la Administración de Alcalá de Henares.

Se sabe que a principios de los años 80 este edificio fue cedido por la Delegación Provincial de Cultura de Pontevedra para un fin sociocultural a la Asociación «Ateneo Cultural Corredoira» de Combarro, que lo ha venido utilizando desde entonces como sede social junto con otro inmueble anexo a este, de titularidad de la Diputación de Pontevedra y que iba a ser destinado al mismo fin, un museo del mar.

No existe constancia de que el edificio expropiado por la Dirección General de Bellas Artes fuera transferido a la Xunta de Galicia después de la aprobación del Estatuto de Autonomía junto con el resto de bienes incluidos en el RD 2434/1982, de 24 de julio, en el que se incluía el edificio comprado inicialmente.

En la actualidad, a los vecinos y vecinas les preocupan los intentos de atribución privada del inmueble y la opaca situación jurídica por no contar con una inscripción registral clara.



Exigen que el Estado lleve a cabo todas las acciones necesarias para reclamar su legítima titularidad y retomar el proyecto del Museo del Mar iniciado en 1969 que se pensaba albergar en este inmueble, pero que nunca llegó a crearse. Resulta imprescindible que se asegure la titularidad estatal de este emblemático edificio a fin de preservarlo en el conjunto patrimonial. Es una ocasión idónea, puesto que se han aportado documentos realmente útiles para acabar con las especulaciones y la inseguridad jurídica que planean sobre esta joya arquitectónica.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Analizó o está analizando el Ministerio de Cultura la nueva documentación aportada por la Asociación A Solaina en relación con el expediente de titularidad de la conocida como Casa Barroca de Combarro en Poio, que forma parte de su conjunto patrimonial histórico-artístico y que acreditaría la titularidad estatal del inmueble?
2. ¿Puede confirmar que se ha reabierto el expediente sobre la titularidad de la Casa Barroca? ¿Qué acciones va a emprender el Ministerio después de haber recibido la citada documentación?
3. ¿Se intervendrá directamente o bien, de ser necesario, a través de la Abogacía General del Estado, para restituir a las administraciones correspondientes la titularidad y el uso de ambos edificios?
4. ¿Comparte que la documentación aportada acredita que el edificio fue adquirido por el Estado en 1970 por 150.000 pesetas, mediante una operación que tuteló a la hija de la propietaria del inmueble?
5. ¿Comprobará e investigará el Ministerio los aspectos relativos a la tasación y el pago para la adquisición del edificio que, según los indicios encontrados, podría haberse realizado a través de la Caja de Ahorros Provincial de Pontevedra?
6. ¿Se investigó la información relacionada con el proyecto museístico que debió ser objeto de una importante documentación y que debe estar depositada en el Archivo del Ministerio de Cultura o en el Archivo General de la Administración de Alcalá de Henares?
7. ¿Qué medidas adoptará el Gobierno para esclarecer la situación jurídica y administrativa de la Casa Barroca, uno de los edificios más singulares del conjunto histórico de Combarro en Poio, declarado Bien de Interés Cultural y cuya titularidad pública debe garantizarse?
8. ¿Tiene intención el Ministerio de Cultura de volver a impulsar el proyecto del Museo del Mar iniciado en 1969 y que no se materializó?
9. ¿Analizó las posibilidades de colaboración con la Xunta de Galicia y el ayuntamiento



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



de Poio para que la Casa Barroca pueda acoger finalmente el Museo de Artes y Tradiciones del Mar?

En Madrid, a 22 de junio de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

22 JUN. 2026 12:53:13

Entrada **119875**

Sobre a titularidade da Casa Barroca de Combarro en Poio

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de que o Ministerio de Cultura reclame a titularidade da Casa Barroca de Combarro ante a nova documentación existente.**

Na pasada lexislatura o BNG presentou distintas pola situación da emblemática Casa Barroca de Combarro, no Concello de Poio, ao existir indicios que apuntaban á titularidade da Administración Xeral do Estado do citado inmóbel.

Trátase dunha casa que forma parte do conxunto histórico de Combarro sita na Rúa Rambla número 5, con referencia catastral: 4479116NG2947N0001KB, con uso “residencial”, pero que foi obxecto dunha expropiación forzosa por razóns de utilidade pública, entre os anos 1972-1973, para a súa conversión en Museo de Artes e Tradicións Populares, dedicado ás artes de pesca e ao modo de vida da Galiza litoral.

En abril de 2021 o Ministerio respondía ao BNG que “nos antecedentes dispoñíbeis non consta que o Ministerio de Cultura sexa actualmente titular do citado inmóbel” e engadía que realizaría “as xestións oportunas para clarificar tanto a titularidade como a situación rexistral do edificio; mentres, deberían de ser os actuais titulares os que terán que realizar, se así for preciso, as actuacións de tutela que o edificio requira”.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

22 JUN. 2026 12:53:13

Entrada **119875**



Recentemente tivemos coñecemento de que o Ministerio de Cultura reabrirá a investigación sobre o expediente deste edificio por solicitude da Asociación A Solaina despois da achega de nova documentación histórica por parte desta entidade que viría a acreditar que o edificio foi adquirido polo Estado a principios da década de 1970, non perdendo posteriormente a súa condición de ben de titularidade estatal.

Esta documentación que está en mans do Ministerio desde marzo pasado, inclúese un exhaustivo estudo do catedrático de Historia e Institucións Económicas da Universidade de Vigo, Rafael Vallejo Pousada, que reconstrúe a historia desta xoia arquitectónica desde finais dos anos sesenta até o momento actual.

Figura o testemuño dos descendentes da que foi a propietaria da casa, Carmen Romero e que declaran que a casa foi vendida ao entón Ministerio de Educación para destinala a fins culturais. En concreto, para que se convertese nun Museo sobre o mar e as tradicións culturais. A familia certificou ante a Subdelegación do Goberno en Pontevedra esta importante novidade.

Os descendentes indicaron que a vivenda foi vendida ao Estado entre 1969 e 1970, unha operación tutelada pola filla da propietaria, en que o Estado tería pagado 150.000 pesetas pola Casa Barroca de Combarro, cantidade distribuída entre os descendentes que vivían en Montevideo, naquela altura.

Tamén se achega unha valoración da Casa por parte dun taxador que a valora en 150.000 pesetas e existe un informe da intervención do Estado autorizando o pago de 150.000 pesetas pola expropiación do inmóbel. Alén de que existe un oficio de 1981 do Director Xeneral de Belas Artes ao Delegado de Cultura de Pontevedra sinalando que en 1973 foi adquirido e pagado o citado edificio, reclamándose as actas de ocupación e pago.

Desde a Asociación A Solaina consideran que o pagamento puido ter sido realizado a través da Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra, aspecto que podería ser investigado polo Ministerio. Ademais, alegan que o proxecto museístico debeu xerar unha importante documentación. Unha información



que debería estar depositada no Arquivo do Ministerio de Cultura ou no Arquivo Xeral da Administración de Alcalá de Henares.

Sábese que a principios dos anos 80 este edificio foi cedido pola Delegación Provincial de Cultura de Pontevedra para un fin socio-cultural á Asociación “Ateneo Cultural Corredoira” de Combarro que veu utilizando desde entón como sede social xunto con outro inmóbel adxunto a este, titularidade da Deputación de Pontevedra e que ía ser destinado ao mesmo fin, un museo do mar.

Non existe constancia de que o edificio expropiado pola Dirección Xeral de Belas Artes fose transferido á Xunta de Galiza despois da aprobación do Estatuto de Autonomía xunto co resto de bens incluídos no RD 2434/1982, do 24 de xullo, no que se se incluía o edificio comprado inicialmente.

Na actualidade, aos veciños e veciñas preocúpanlles os intentos de atribución privada do inmóbel e da opaca situación xurídica por non contar cunha inscrición rexistral clara. Demandan que o Estado leve a cabo todas as accións necesarias para reclamar a súa lexítima titularidade e retomar o proxecto de Museo do Mar iniciado en 1969 que se pensaba albergar neste inmóbel, mais que nunca chegou a ser creado. Resulta imprescindible que se asegure a titularidade estatal deste emblemático edificio a fin de preservalo no conxunto patrimonial. É unha ocasión idónea posto que se achegaron documentos verdadeiramente útiles para terminar coas especulacións e a inseguridade xurídica que sobrevoa sobre esta xoia arquitectónica.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Analizou ou está a analizar o Ministerio de Cultura a nova documentación achegada pola Asociación A Solaina en relación ao expediente de titularidade da coñecida como Casa Barroca de Combarro en Poiso, que forma parte do seu conxunto patrimonial histórico artístico e que acreditaría a titularidade estatal do inmóbel?



2. Pode confirmar que foi reaberto o expediente sobre a titularidade da Casa Barroca? Que accións vai emprender o Ministerio despois de ter recibido a citada documentación?
3. Intervirase directamente ou ben, de ser necesario, a través da Avogacía Xeral do Estado, para restituír ás administracións correspondentes a titularidade e uso de ambos edificios?
4. Comparte que a documentación achegada acredita que o edificio foi adquirido polo Estado en 1970 por 150.000 pesetas, mediante unha operación que tutelou a filla da propietaria do inmóbel?
5. Comprobará e investigará o Ministerio os aspectos relativos á taxación e pagamento para a adquisición do edificio que, segundo os indicios encontrados, podería terse realizado a través da Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra?
6. Investigou a información relacionada co proxecto museístico que debeu ser obxecto dunha importante documentación e que debe estar depositada no Arquivo do Ministerio de Cultura ou no Arquivo Xeral da Administración de Alcalá de Henares?
7. Que medidas adoptará o Goberno para esclarecer a situación xurídica e administrativa da Casa Barroca, un dos edificios máis singulares do conxunto histórico de Combarro en Poio, declarado Ben de Interese Cultural e cuxa titularidade pública debe garantirse?
8. Ten intención o Ministerio de Cultura de volver impulsar o proxecto de Museo do Mar iniciado en 1969 e que non foi materializada?



9. Analizou as posibilidades de colaboración coa Xunta de Galiza e o concello de Poio para que a Casa Barroca poda acoller finalmente o Museo de Artes e Tradicións do mar?

Madrid, a 22 de xuño de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso